

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

CONTIDOS MÍNIMOS 1º DE ESO

Utilizar os tres compoñentes da linguaxe visual, de forma que configuren imaxes figurativas e abstractas propias e identificalos en imaxes alleas. Identificar e representar a liña xeométrica por medio da construción da mediatriz, bisectriz, así como do trazado de paralelas e perpendiculares con escuadra e cartabón.

Realizar mesturas substractivas para a obtención de cores secundarias a partir de primarios e para a elaboración de escalas tonales aplicando criterios de harmonías e contrastes.

Elaborar composicións a base de texturas visuales e táctiles de modo que a textura sexa o elemento protagonista, utilizando diferentes métodos e técnicas. Identificar e construír triángulos, cuadriláteros e polígono regulares tanto polos métodos específicos e como xerais.

Identificar e representar a circunferencia, os seus elementos e a súa división en partes.

Empregar correctamente a técnica do claroscuro coa finalidade de representar o volume no papel.

Representar e identificar a perspectiva por medio da superposición e diminución de figuras no plano, utilizando a luz e a cor como creadores de profundidade na imaxe.

Configurar un cómic sinxelo no que interveñan os elementos expresivos, tipos de encadre e recursos cinéticos propios deste medio.

Asimilar os conceptos básicos da imaxe dixital e manexar ferramentas elementais dun programa informático de edición de imaxes.

CONTIDOS MÍNIMOS 3º ESO

Utilizar os instrumentos de debuxo técnico correctamente.

Trazar liñas paralelas a 30°, 45°, 60°.

Representar as formas poligonales regulares de xeito obxectivo, utilizando os medios gráficos que proporciona a geometría plana.

Describir e coñecer algúns procedementos e técnicas utilizadas nas linguaxes visuales.

Crear composicións equilibradas utilizando diferentes estratexias compositivas.

Controlar con destreza as variacións de ton, luminosidad e saturación.

Utilizar os recursos expresivos da liña, o punto e o plano para a realización de texturas.

Coñecer a comunicación visual e as súas funcións recoñecendo o papel do emisor, o receptor, a mensaxe, o código e o contexto.

Trazar vistas de sólidos sinxelos en sistema diédrico.

Coñecer as características xerais do sistema axonométrico e a súa utilidade no debuxo obxectivo de formas tridimensionales.

Realizar os traballos con precisión, exactitude e limpeza.

CONTIDOS MÍNIMOS 4º ESO

Utilizar adecuadamente diferentes técnicas gráfico-plásticas en creacións plásticas propias adecuando as posibilidades expresivas das mesmas.

Utilizar os controis e funcións principais da cámara digital, manexando aspectos relacionados co formato e a resolución, así como aspectos relativos ao encadre fotográfico.

Manexar con soltura as ferramentas básicas de edición digital de imaxes utilizando os programas informáticos máis adecuados en cada caso.

Elaborar composicións artísticas e/ou gráficas nas que se traballen cos diferentes esquemas compositivos e téñanse en conta o ritmo, o centro de interese e as liñas de forza para crear diferentes sensacións e efectos expresivos.

Realizar un traballo de deseño, utilizando a letra e o texto como elemento creativo, mediante a utilización das estruturas básicas no deseño.

Producir un traballo de video digital (videocreación, animación), empregando a sintaxis propia dos medios videográficos.

Deseñar un obxecto e representalo en perspectiva isométrica a partir das súas vistas diédricas.

Coñecer as diferentes fases dun proceso de deseño.

Empregar correctamente os medios digitais na elaboración de traballos.

Desenvolverse con autonomía, creatividade e responsabilidade no traballo. Colaborar na realización daqueles proxectos plásticos que comporten unha organización de forma cooperativa.

Traballar de forma organizada e solidaria.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA 1º, 3º E 4º DA ESO

Tomaranse como instrumentos para a avaliación os seguintes

OBSERVACIÓN DIRECTA: teranse en conta os cinco aspectos que se sinalan a continuación e que se valorarán de 0 a 3.

a) Execución dos traballos:

0- É despreocupado/a en o que se refire á presentación final dos traballos.

- 1- Mostra certo interese pola limpeza e a precisión na presentación.
- 2- É coidadoso na precisión e limpeza e na elección da técnica correcta.
- 3- Preocúpase pola precisión, a limpeza e a elección da técnica correcta, gozando coa boa composición dos traballos.

b) Creatividade nas producións:

- 0- Non ten capacidade para reproducir solucións similares ás propostas.
- 1- Reproduce solucións similares sen aportar ideas propias.
- 2- Aporta frecuentemente ideas propias aos modelos propostos.
- 3- É enxeñoso/a chegando a crear un estilo propio.

c) Interese pola materia

- 0- Non participa nas actividades de ensino-aprendizaxe.
- 1- Presenta traballos de xeito irregular ou fóra de prazo
- 2- Participa en clase presentando os traballos nos prazos previstos.
- 3- É participativo/a, pregunta dúbidas e en ocasións presenta máis dunha proposta.

d) Traballo en equipo

- 0- Rexeita o traballo de equipo.
- 1- Traballa en equipo pero apenas aporta ideas.
- 2- Traballa en equipo aportando ideas persoais.
- 3- Traballa en equipo activamente, aporta ideas, organiza o traballo e ten en consideración as opinións dos compañeiros/as

e) Comportamento

- 0- É irrespetuoso cos que lle rodean e non cumpre as normas de aula.
- 1- Nalgunhas ocasións a súa conduta rompe o ritmo da clase.
- 2- Ten un comportamento correcto e é respetuoso cos compañeiros.
- 3- É correcto/a e respetuoso/a con os que lle rodean, preocupándose por aqueles que están menos integrados e favorecendo un clima de harmonía e bo ambiente.

TRABALLOS DE AULA: os traballos realizados polos alumnos serán a principal fonte de información para a avaliación. Valorarase neles o progreso na adquisición e aplicación práctica dos contidos, a aplicación dos coñecementos básicos, a destreza manual, os bocetos previos (cando sexan necesarios), o uso do material e a estética. É moi importante asistir a clase co material para poder realizar os traballos da aula.

CARTAFOL DE APUNTES: nela o alumnado recollerá toda a información aportada pola profesora, tanto os apuntes de clase (ben organizados e presentados) como calquera outro tipo de documentación referente á materia (fotocopias entregadas pola profesora, información buscada polo alumno/a en diversas fontes). Valorarase que estea recolleita nela todo o material citado anteriormente dun xeito organizado e cunha boa presentación.

CONTROIS ESCRITOS OU ORAIS: Se fona necesario, realizarase unha proba por trimestre (daquelas partes que se estime oportuno) de maneira que axudarán a avaliar a adquisición dos contidos.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A nota final de cada trimestre calcularase realizando a media ponderada das diferentes partes, sendo necesario obter un mínimo do 35% en cada unha delas. Para aprobar a avaliación **O ALUMNO/A TERÁ QUE OBTEN UN MÍNIMO DE 5 PUNTOS**. A cada parte asignaráselle as seguintes porcentaxes:

No caso de que se faga proba oral/escrita:

OBSERVACIÓN DIRECTA: 15%

TRABALLOS DO ALUMNO/A: 55%

CARTAFOL DE APUNTES: 10%

PROBA ORAL/ ESCRITA: 20

No caso de que non se faga proba oral/escrita:

OBSERVACIÓN DIRECTA: 15%

TRABALLOS DO ALUMNO/A: 75%

CARTAFOL DE APUNTES: 10%

Cando as tres avaliacións sexan cualificadas positivamente (nota mínima un 5), a cualificación final do curso será o resultado de realizar a media aritmética do tres, aínda que dita media poderá corrixirse en función de circunstancias singulares (progresión ou regresión).

RECUPERACIÓN DA MATERIA NON SUPERADA

Aqueles alumnos/as que non superen algunha parte da materia terán oportunidade de recuperar desde o momento que llo propoñan, xa que se trata dunha avaliación continua.

Os alumnos que teñan suspenso un trimestre poderán recuperar ao longo do seguinte aquelas partes que non fosen superadas, ben por non presentar no seu momento algún dos instrumentos citados anteriormente, ben por non alcanzar nalgún deles os obxectivos pretendidos.

No mes de xuño realizarase unha recuperación final. Os alumnos cun ou dous trimestres suspensos realizarán unha proba escrita da materia impartida nos respectivos períodos. Alumnos cos tres trimestres suspensos realizarán unha proba escrita sobre a materia impartida durante todo o curso. En calquera destes casos será

necesario, para que o alumno recupere a materia, ter unha nota igual ou superior a 5. De non ser así, o alumno/a ten dereito a realizar unha proba extraordinaria no mes de setembro sobre a materia impartida ao longo do curso coas mesmas características.

DEBUXO TÉCNICO I

CONTIDOS MÍNIMOS 1º BACH

Debuxo xeométrico.

Trazados elementais:

- Punto, recta, plano, ángulos
- Operacións con segmentos e con ángulos
- Lugares xeométricos

Proporcionalidade e semellanza. Escalas.

- Teorema de Thales
- Media, terceira e cuarta proporcional
- Produto, cociente, cadrado e raíz cadrada de dous segmentos
- Conversión de escalas
- Escalas gráficas

Trazado de polígonos.

- Triángulos
- Cuadriláteros
- Polígonos regulares dado o lado e inscritos en circunferencias

Transformacións xeométricas no plano: transformacións isométricas.

- Igualdade
- Translación
- Simetría
- Xiro
- Homotecia e polígonos semellantes
- Trazado de tanxencias e enlaces.
- Definición e trazado de curvas planas: óvalos, ovoides e volutas, espirais e hélices.

Sistemas de representación.

- Fundamentos e finalidade dos distintos sistemas de representación; características diferenciais.
- O sistema diédrico. Representación do punto, recta e plano; as súas relacións e operacións (transformacións) máis usuais.
- Os sistemas axonométricos: isometría e perspectiva cabaleira. Representación de sólidos.
- Normalización e elaboración de esbozos.
- O concepto de normalización. As normas fundamentais UNE, ISO.
- A elaboración de esbozos. O esbozo e súa xestión creativa.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Resolver problemas xeométricos, valorando o método e o razoamento utilizados na súa construción, así como o seu acabado e presentación.

Coa aplicación deste criterio preténdese avaliar o nivel acadado polo alumnado no dominio dos trazados xeométricos fundamentais no plano e a súa aplicación práctica na construción de triángulos, cuadriláteros e polígonos en xeral, construción de figuras semellantes e transformacións xeométricas básicas.

2. Utilizar e construír escalas gráficas tanto para a interpretación como para a elaboración de planos e debuxos.

Este criterio indicará en que medida se comprendeu o fundamento das escalas, como concepto abstracto-matemático e aplicadas a distintas situacións que se poden dar na vida cotiá, xa sexa para interpretar as medidas nun plano técnico, mapa ou diagrama, ou para elaborar debuxos tomados da realidade.

3. Diseñar e/ou reproducir formas non excesivamente complexas, que na súa definición conteñan enlaces entre circunferencia e recta e/ou entre circunferencias.

A través deste criterio valorarase a aplicación práctica dos coñecementos técnicos dos casos de tanxencias estudados de forma illada. Valorarase especialmente o proceso seguido para a súa resolución, así como a precisión na obtención dos puntos de tanxencia.

4. Elaborar e participar activamente en proxectos de construción xeométrica cooperativos, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico.

A aplicación deste criterio permitirá avaliar se o alumnado é capaz de traballar en equipo, mostrando actitudes de cooperación, tolerancia e flexibilidade.

5. Utilizar o sistema diédrico para representar volumes sinxelos e formas poliédricas, así como as relacións espaciais entre punto, recta e plano.

A aplicación deste criterio permitirá coñecer o grao de abstracción adquirido e, xa que logo, o dominio ou non do sistema diédrico para representar no plano elementos situados no espazo, relacións de pertenza, posicións de paralelismo e de perpendicularidade ou distancia.

6. Realizar perspectivas axonométricas e cónicas de corpos, definidos polas súas vistas principais e viceversa, executadas a man alzada e/ou deliñadas.

Con este criterio preténdese avaliar, tanto a visión espacial desenvolta polo alumnado, como a capacidade de relacionar entre si o sistema diédrico co axonométrico e a coa perspectiva cónica, ademais de valorar as habilidades e destrezas adquiridas no manexo dos instrumentos de debuxo e no trazado a man alzada.

7. Representar pezas e elementos industriais ou de construción sinxelos, valorando a correcta aplicación das normas referidas a vistas, anotación e simplificacións indicadas na representación.

Proponse este criterio como medio para avaliar en que medida o alumnado é capaz de expresar graficamente un produto ou un obxecto, coa información necesaria para a súa posible fabricación ou realización, aplicando as normas esixidas no debuxo técnico.

8. Culminar os traballos de debuxo técnico, utilizando os diferentes procedementos e recursos gráficos, de forma que estes sexan claros, limpos e respondan ao obxectivo para o que foron realizados.

Con este criterio quérese valorar a capacidade para dar distintos tratamentos ou aplicar diferentes recursos gráficos ou informáticos, en función do tipo de debuxo que se vai realizar e das súas finalidades. Este criterio non deberá ser un criterio illado, senón que deberá integrarse no resto dos criterios de avaliación na medida que lles afecte.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

PROBA ESCRITA

Os alumnos serán avaliados por medio de probas escritas (neste caso, debuxadas) de tipo práctico. O número de probas por avaliación será o seguinte, aínda que se dá só como referencia, xa que dependendo de situacións específicas que se presenten en cada curso, estas poden variar:

1ª avaliación: 1 proba

2ª avaliación: 2 probas

3ª avaliación: 2 probas

Como apoio á nota obtida nestas probas, poderanse utilizar outros instrumentos de avaliación.

APUNTES

O alumno recollerá apuntes na clase que pasará a limpo na casa. Ditos apuntes deben realizarse utilizando os materiais adecuados para a correcta realización dos exercicios. Será necesario indicar os pasos para realizar cada un dos exercicios feitos.

LÁMINAS / EXERCICIOS

En cada unha das avaliacións o alumnado deberá facer as láminas e exercicios prácticos propostos pola profesora. Estes exercicios axudarán aos alumnos a comprender e asentar coñecementos.

A nota final de cada trimestre calcularase realizando a media ponderada das diferentes partes, sendo necesario obter un mínimo do 35% en cada unha delas. Para aprobar a avaliación O ALUMNO/A TERÁ QUE OBTENIR UN MÍNIMO DE 5 PUNTOS.

A cada parte asignaráselle as seguintes porcentaxes:

LÁMINAS/EXERCICIOS: 10%

CARTAFOL DE APUNTES: 15%

PROBA ORAL/ ESCRITA: 75%

Cando as tres avaliacións sexan cualificadas positivamente (nota mínima un 5), a cualificación final do curso será o resultado de realizar a media aritmética das tres, aínda que dita media poderá corrixirse en función de circunstancias singulares (progresión ou regresión).

Cando unha avaliación non sexa superada o alumno recuperará a parte o partes suspensas (exame, cartafol de apuntes, traballos e láminas) ao longo do seguinte trimestre.

No mes de xuño o alumnado que teña algunha avaliación suspensa (despois de facer as recuperacións das mesmas) fará unha proba escrita de cada avaliación o avaliaciones non superadas.

Os alumnos que non superen a materia na avaliación ordinaria de xuño, poderán presentarse a unha proba extraordinaria no mes de setembro. Esta proba será similar ás realizadas durante o curso e consistirá na realización dunha proba escrita obxectiva de tipo práctico (exame), no que se demostrará o grao de consecución dos obxectivos do curso e o dominio dos contidos.

Para a realización de tal proba, o alumno deberá levar o material de traballo necesario para a materia de Debuxo Técnico.